

10 A vida en Grecia

1 A evolución histórica da antiga Grecia

1.1 O espazo


A antiga civilización grega desenvolveuse no sur da península Balcánica, en diversas illas dos mares Exeo e Xónico e nas costas de Asia Menor. Este territorio, ao que os gregos denominaron **Hélade**, presenta dous trazos físicos distintivos:

- **Proximidade ao mar.** Ningún punto se afasta máis de noventa quilómetros da costa, o que explica a importancia que tiveron as viaxes e o comercio marítimos na antiga Grecia.
- **Carácter montañoso.** O relevo grego está formado por un conxunto de cadeas montañosas separadas entre si por estreitos vales ou por pequenas chairas. Este relevo dificultou as comunicacións e a agricultura, e favoreceu a súa organización como **ciudades-estado** independentes.

1.2 As etapas históricas

A historia de Grecia divídese en tres períodos. Estes coñécense como épocas arcaica, clásica e helenística.

- Na **época arcaica** (séculos VIII-VI a.C.) desenvóléronse as polis e leváronse a cabo as colonizacións.
 - As **polis** eran cidades-estado independentes, que tiñan sistema de goberno, leis, exército e moeda propios. As máis célebres foron Atenas e Esparta.
 - As **colonizacións** foron grandes migracións de gregos para establecerse nas costas do mar Negro e do Mediterráneo.
- A **época clásica** (séculos V-IV a.C.) foi o período de maior esplendor das polis gregas. Aínda así, nel producíronse graves enfrontamentos, como as guerras médicas e do Peloponeso.
 - Nas **guerras médicas** (490 a.C.-480 a.C.) combateron os persas contra os gregos. Ao finalizar a contenda formouse a Liga de Delos, unha alianza entre as polis para previr posibles ataques persas.
 - Na **guerra do Peloponeso** (431 a.C.-404 a.C.) enfrontáronse as polis entre si, agrupadas en dous bandos liderados por Atenas e Esparta. Esparta logrou a vitoria e impuxo a súa hexemonía.
- Na **época helenística** (séculos IV-I a.C.), as polis gregas foron dominadas polo rei **Filipo de Macedonia**. O seu fillo, **Alexandre Magno**, formou un grande imperio que se estendía dende o mar Exeo ata a fronteira coa India. Á morte de Alexandre, o imperio dividiuse e acabou integrándose, séculos máis tarde, no imperio romano.



Tarefas para progresar

▼ Localizar información no espazo

- 1 Coa axuda do mapa, fai unha pequena redacción sobre o relevo da Grecia antiga.



.....

.....

.....

.....

▼ Comprender a realidade histórica

- 2 Que era a Hélade?

.....


.....

- 3 Escribe, por orde cronolóxica, os nomes das etapas da historia de Grecia.

.....

.....

- 4 Fíxate no eixe cronolóxico e relaciona cada imaxe coa súa etapa da historia:







▼ Resolve problemas

- 5 Calcula cantos séculos abrangueu a historia da antiga civilización grega.

.....

▼ Producir textos

- 6 Redacta un texto breve explicando quen foi Alexandre Magno (356 a.C.-323 a.C.).

.....

.....

.....

▼ Relacionar informacións

- 7 Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

a) As polis e as colonizacións gregas desenvolvéronse na época clásica.

☐

b) As polis eran cidades-estado independentes.

☐

c) Só había unha lei, goberno, exército e moeda na antiga Grecia.

☐

d) As colonizacións foron grandes migracións de gregos.

☐

▼ Organizar a información

- 8 Completa o cadro seguinte cos séculos correspondentes a cada época.

ÉPOCA ARCAICA	
ÉPOCA CLÁSICA	
ÉPOCA HELENÍSTICA	

- 9 Completa este texto:

Nas guerras médicas, os intentaron conquistar a Grecia continental. Ao finalizar a guerra, converteuse na máis poderosa de Grecia.

2 A organización política, económica e social

2.1 A organización política

A **oligarquía** foi o sistema de goberno adoptado pola maioría das polis gregas. Neste sistema, o poder exercíao un grupo reducido de persoas, donas de extensas propiedades agrarias.

Este foi o caso de **Esparta**, onde o poder o desempeñaban dous reis e un Consello composto por vinte e oito aristócratas maiores de sesenta anos. O Consello elaboraba as leis e presentábaas á Asemblea de cidadáns. Esta Asemblea, composta polos varóns libres maiores de trinta anos que eran fillos de pai espartano, limitábase a votar «si» ou «non» ás leis.

A **democracia**, isto é, o goberno do pobo, foi adoptada por outras polis. Este foi o caso de **Atenas**. Nesta polis, o poder residía na Asemblea de cidadáns, composta polos varóns libres maiores de 18 anos, fillos de pai e nai atenienses. Non obstante, non era un sistema verdadeiramente democrático, pois excluía as mulleres libres, os estranxeiros e, por suposto, os escravos.

2.2 A economía das polis

A **agricultura** era a base da economía grega. As terras dedicábanse ao cultivo de cereais, vide e oliveira, e a maioría pertencían a un grupo reducido de persoas. Outras actividades económicas foron a gandería, a artesanía (cerámica, vidro, tecidos) e o comercio.

A **actividade comercial** beneficiouse da estratéxica posición xeográfica da Hélade entre Europa, Asia e África. Favoreceuse, así, o asentamento dos gregos en colonias ao longo das costas do mar Negro e do Mediterráneo.

A influencia grega no occidente europeo foi a difusión do uso do ferro, a moeda, o alfabeto, o urbanismo e a arte.


2.3 A división social

A sociedade dividíase en cidadáns e non cidadáns:


- Os **cidadáns** eran os únicos que podían participar na vida política, tanto se eran ricos como humildes. Este grupo formábano os varóns libres cuxos pais, ou só un dos dous, naceran nesa polis.
- Os **non cidadáns** carecían de dereitos políticos. Este grupo social incluía os escravos, as mulleres, en xeral, e os estranxeiros.

2.4 A situación da muller

As mulleres, en xeral, non tiñan dereitos. Estaban sometidas ao pai, mentres estaban solteiras, e ao marido, cando casaban. As **mulleres ricas** permanecían recluídas nunha parte especial da casa, o **xineceo**, e só saían á rúa en ocasións especiais (como cerimoniais relixiosas, matrimonios e funerais). As **mulleres dos grupos populares** traballaban como campesiñas, vendedoras, comadras ou amas.



► Institucións básicas de Atenas.



► A sociedade grega.

Tarefas para progresar

▼ Usar vocabulario

10 Que significa democracia?

.....

.....

.....

▼ Comprender a realidade histórica

11 Quen ten o poder nunha oligarquía?

.....

12 Une mediante frechas o sistema político coa súa polis correspondente.

- | | |
|-----------|--------------|
| – Atenas | – Oligarquía |
| – Esparta | – Democracia |

▼ Defender dereitos

13 Expresa unha opinión persoal sobre a situación da muller na antiga Grecia.

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Relacionar informacións

14 Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- | | |
|---|--------------------------|
| a) En Esparta, o poder residía nos cidadáns. | ☐ |
| b) En Atenas, o poder residía nos cidadáns. | ☐ |
| c) Na democracia ateniense votaban mulleres, estranxeiros e escravos. | ☐ |
| d) O xineceo era un lugar especial destinado ás mulleres. | ☐ |
| e) Todos os homes participaban na vida política da polis. | ☐ |

▼ Producir textos

15 Redacta unhas liñas explicando as actividades económicas principais das polis gregas.

Axúdate das seguintes imaxes.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

16 Completa este cadro resumo:

ORGANIZACIÓN POLÍTICA DA CIVILIZACIÓN GREGA		
SISTEMA POLÍTICO		
POLIS		
PODER EN MANS DE...		


3 A arte grega

3.1 A arquitectura

Os gregos construíron os seus edificios proporcionados á medida humana, utilizando a pedra e cubertas planas ou a dúas augas.

Ademais crearon tres **ordes arquitectónicos**, que fixaban as proporcións dos edificios: a dórica, máis pesada e sinxela; a xónica, máis lixeira e decorativa, e a corintia, con capitel de follas de acanto.

O **templo** foi o edificio máis importante. Considerábase a casa do deus, do que gardaba a súa estatua e o seu tesouro. Os templos gregos adoitaban ser rectangulares, rodeados de columnas, e constaban de tres partes: a **pronaos** ou vestíbulo; a **naos**, onde se situaba a estatua da divindade, e o **opistodomos**, para as ofrendas e o tesouro, simétrico e oposto á pronaos. Os templos máis destacados encóntranse no acrópole de Atenas, como o Partenón.




3.2 A escultura

As esculturas gregas decoraban os edificios e realizábanse en distintos materiais: madeira, mármore e bronce. Representaban, con **formas humanas**, divindades, heroes, atletas, sacerdotisas, escenas relixiosas ou loitas reais e mitolóxicas.

As figuras humanas buscaron a beleza perfecta mediante un **canon** que establecía as proporcións que debían ter.

- Na **época arcaica**, as esculturas foron máis rixidas.
- Na **época clásica** volvéronse máis naturais, grazas ao labor de escultores como Mirón, Fidias e Policleto.
- Na **época helenística** expresaron o movemento e os sentimentos.



▶ As ordes arquitectónicas.

Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario

- 17** Cita os nomes das tres ordes arquitectónicas gregas.

.....

.....

.....

▼ Comprender a realidade histórica

- 18** Cal era a función do templo grego e que albergaba no seu interior?

.....


.....

- 19** En que cidade se encontran os templos gregos máis destacados?

.....


▼ Obter información

- 20** Mira o debuxo da páxina anterior e identifica as partes dun templo grego; logo, escríbeas nos lugares correspondentes do esquema de abaixo.



▼ Relacionar informacións

- 21** Le no texto a evolución da escultura grega. Despois, relaciona cada imaxe inferior coa súa época correspondente:



- 22** Relaciona cada frase cunha orde arquitectónica grega:

- a) Capitel con follas de acanto
- b) Pesado e sinxelo
- c) Lixeiro e decorativo

▼ Organizar a información

- 23** Completa o seguinte cadro resumo.

ARQUITECTURA GREGA					
CARACTERÍSTICAS			ORDES		
MATERIAL	SOPORTE	CUBERTA			